

O RINOCERONTE AFRICANO

As especies africanas son dúas: O rinoceronte branco e o negro.

O rinoceronte africano ten 2 cornos, vive en grandes espacios abertos na Sabana africana e necesitan humedecer a súa pel con frecuencia. Os rinocerontes africanos gústalles revolcarse no barro.



Necesitan grandes cantidades de comida, uns 40 kg diarios de herba.

O RINOCERONTE BRANCO:

Realmente non é branco, tan solo é un pouco más claro que o seu primo, o rinoceronte negro. O nome de branco é porque no seu territorio chamábanlle rinoceronte "Weidej" que significaba grande pero os ingleses confundiron a palabra "weideg" coa súa "white" que significa branco e chamáronlle "Rinoceronte branco".



É o maior dos rinocerontes, o macho pode chegar a medir 4 metros de longo, e entre 1,5 e 1,8 metros de alto e pode pesar ata 2.700 kg. As femias son un pouco más pequenas.



Ten dous cornos, o de diante, máis longo, mide sobre 1 metro, o outro, máis curto, mide sobre 50 cm. O seu aspecto é moi fero pero é, sen embargo, o más amistoso e sociable de todos e o único que, en ocasións, vive formando pequenos grupos de ata 8 individuos, normalmente estes grupos son de femias e rinocerontes que

inda non chegaron a adultos. As femias amósanse moi amistosas coas outras femias, cando se atopan refréganse os fociños en sinal de amizade.

Vive no sur de África. Estaba ameazado de extinción pero organismos internacionais interviñeron para a súa recuperación e aumentou bastante o seu número.


As femias empezan a ter os fillos, máis ou menos ós 6 ou 7 anos. As crías pesan ó nacer sobre os 65 kg. É o rinoceronte que ten unha vida máis longa, pode chegar a vivir ata os 50 anos.

RINOCERONTE NEGRO:

Mide sobre 1'5 metros de altura e pode pesar entre 800 e 1500 kg. Ó igual que o elefante branco, ten 2 cornos encima do nariz, o de diante é tamén máis grande e o de atrás máis pequeno. A súa pel é grossa, dura e case sen pelo. Ten os dentes dianteiros moi pouco desenrolados e, en ocasións, incluso non os ten. Ten os ollos e as orellas pequenas e dirixidas cara atrás.



Vive en África, nas sabanas do norte, centro e sudoeste. Aliméntase de follas de acacia e herba. É un animal moi asustadizo. Corre a gran velocidade e é perigoso. Ataca guiándose polo olfacto.



As femias empezan a ser nais entre os 4 e os 7 anos, teñen un fillo máis ou menos cada 2 anos, hai que ter en conta que o período de xestación é de 15, 16 meses. Ó nacer pesan sobre 40 Kg. Os fillos acompañan á nai ata os 5 anos.

extinción pero gracias a intervención de organismos internacionais dedicados a súa conservación, hoxe hai bastantes exemplares, calcúlase que arredor de uns 10.000 individuos. Esto non significa que pasara o perigo.

Este rinoceronte esta en vías de

O principal problema é, ó igual no resto dos rinocerontes, os cazadores furtivos que os cazan sobre todo por que os seus cornos son moi valiosos xa que lle atribúen propiedades curativas.



que
se

COMPRENSIÓN

1. Contesta

- ▶ ¿Onde vive o rinoceronte africano?
- ▶ ¿A que debe o seu nome o rinoceronte branco ?
- ▶ ¿Cómo se demostran a súa amizade as femias do rinoceronte branco?
- ▶ ¿Por qué os cazadores están interesados nos rinocerontes?
- ▶ ¿Cómo son os cornos dos rinocerontes africanos?

2. Completa:


O é o más grande dos rinocerontes, o macho pode chegar a medir de longo, e entre de alto e pode pesar As femias son É o que ten unha vida pode chegar a vivir ata

O mide sobre de altura e pode pesar entre Ó nacer pesan e acompañan anos.

3. Pon V ou F


O Rinoceronte branco

- Vive no Norte de África
- É o que ten unha vida máis longa
- É o más asustadizo
- Vive en grupos de ata 8 individuos
- Vive en grupos formados por un macho e 8 femias
- As femias amósanse moi amistosas entre elas



O Rinoceronte negro

- Ten unha pel grossa e dura
- É un animal moi peludo
- É o más sociable dos rinocerontes
- Vive no Sur de África
- Aliméntase de follas de acacia e herba
- Ten uns fortes dentes dianteiros



ACTIVIDADES

1. Ordena primeiro as letras para formar palabras e logo as palabras para formar frases. Estas frases aparecen na lectura

escipees asdú de nosfriaca noricetesron yHa

O cenoriteron coanBr almenrete é gsri

2. Escribe estas frases correctamente:

Omá is gran dedosri noceron teséo rinoce rontebran co



O rino ceronte negroten un hapel gro saedu ra ecase senpelo

3. Busca na sopa de letras:

rinoceronte, corno, África, herba, sabana, femia, extinción

E	T	N	O	R	E	C	O	N	I	R
D	A	E	N	F	E	M	I	A	J	A
E	S	C	O	R	A	R	O	N	I	A
S	S	I	G	C	E	N	F	D	O	B
E	X	T	I	N	C	I	O	N	S	R
O	A	R	A	S	A	B	A	N	A	E
C	F	E	X	F	I	K	C	I	L	H
A	D	E	M	C	O	R	N	O	R	A

4. Atopa 8 diferencias que hai entre os dous debuxos:



5. Ordena as frases do paragrafo

/sobre todo porque os seus cornos son moi valiosos/ /actualmente hai bastantes exemplares./ /que os cazan/ /O rinoceronte esta en vías de extinción/ /para a súa conservación,/ /Inda así, o perigo persiste./ /O principal problema son os cazadores furtivos/ /gracias as súas propiedades curativas./ /pero os organismos internacionais están a intervir/

6. Procura ler este texto sen mover a cabeza, move so os ollos:

Estaba ameazado de	extinción pero organismos
internacionais interviñeron	para a súa recuperación e
aumentou bastante	o seu número. As crías pesan
ó nacer sobre os 65 kg.	É o rinoceronte que ten unha
vida más longa, pode	chegar a vivir ata os 50 anos.

7. Agora completa o texto pero intenta facelo usando outras palabras e cambiando así o sentido do texto:

Estaba de pero
.....
..... interviñeron para a súa e

aumentou
ó sobre os 65
vida más, pode

o seu número. As pesan
É o que ten unha
chegar a vivir

8. ¿Qué din estas frases?

Nos rinocerontes africanos nóstalgas revolcarce no harro

O principal problema dos rinocerontes son os cazadores furtivos

Un rinoceronte branco macho pode chegar a medir 4 metros de lonao

9. Explica a diferencia entre o rinoceronte branco e o negro.
